ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO, DE 19 DE ABRIL DE 2010

No salón de actos da Casa da Cultura do Concello de Bergondo, a dezanove de abril de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo:
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:
D. Antón Sánchez García
D. Manuel Parga Fernández

Non asisten:
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle (Grupo municipal do PP)
D. José Luis Dans Medín (Grupo municipal do PP)
D. Miguel Angel Naveira Campelo (Grupo municipal do PP)
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (Grupo municipal de VB)

Así mesmo asisten:
O arquitecto municipal: D. Roberto Chao Gavilán
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.

2.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta que a urxencia desta convocatoria é referente ó punto *2.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA*, e fundamentase no seguinte:

No prazo de entrada en vigor da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que termina o vindeiro día 20 de abril.

Enterados/as os/as asistentes, sometese a votación a urxencia desta convocatoria, votando a favor os concelleiros do grupo municipal do Partido Socialista (total 6), e, en contra os concelleiros do BNG e a concelleira de Veciños de Bergondo (total 3).
Tendo en conta que, de conformidade co artigo 47 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, a maioría prevista que para a aprobación do punto que se vai tratar nesta sesión, é do voto favorable da **maioría absoluta do número legal de membros da Corporación**, ante a imposibilidade de acadala, por parte da Sra. alcaldesa declarase **non aprobada** a ratificación da urxencia deste Pleno, polo que non se procede a debater o segundo punto da Orde do Día.

Sedon, ás vinte horas e trina e cinco minutos, remátase a sesión, de orde da Sra. alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez